



# Concello de San Cristovo de Cea

Praza Maior, 1 32130 San Cristovo de Cea (Ourense)  
☎ 988 282 000 Fax: 988 282 008 ✉ [concello@concellodecea.com](mailto:concello@concellodecea.com)  
🌐 [www.concellodecea.com](http://www.concellodecea.com)



## **BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCESO SELECTIVO, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE DUNHA PRAZA DE ENCARGADO DE BIBLIOTECA PÚBLICA (AUXILIAR DE BIBLIOTECA); PROCESO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL; PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA.**

### **I.- OBXECTO**

A presente convocatoria ten por obxecto a cobertura en propiedade, mediante o sistema de concurso-oposición libre, de unha praza (1), de natureza Laboral Fixo, denominación: Encargado de Biblioteca Pública (Auxiliar de Biblioteca).

### **II.- RÉXIME APLICABLE**

A presente convocatoria rexerese polas Bases Xerais aprobadas polo Concello de San Cristovo de Cea dentro do seu Plan de Consolidación de Emprego, incluído na Oferta de emprego público correspondente ao exercicio 2019, aprobado por Resolución de Alcaldía de data 3 de decembro de 2018, e que foron publicadas no BOP. Nº 282 de data 11 de decembro de 2018, coa excepción daquelas disposicións específicas que a continuación se indiquen.

### **III.- TITULACIÓN**

A titulación que os aspirantes deberán acreditar será a esixida no Anexo I, das Bases Xerais.

### **IV.- PROBAS SELECTIVAS**

As probas selectivas serán as establecidas nas Bases Xerais coas seguintes especificacións.

**FASE DE CONCURSO:**

Puntuarase 0,15 puntos por mes traballado, ou fracción, en postos da mesma categoría o da praza que se opta, ata un máximo de 4 puntos, atendendo ás especificacións establecidas nas Bases Xerais.

**FASE DE OPOSICIÓN:**

a.- A proba tipo Test, de carácter teórico, estará constituída por 20 preguntas e terá unha duración de 30 minutos. As prazas poderán agruparse para a realización conxunta do primeiro exercicio.

b.- A segunda proba, de carácter práctico, consistirá na resolución dun suposto ou supostos prácticos ou teóricos, propostos polo Tribunal. Terá unha duración de 45 minutos.

Ambas as probas realizaranse conforme ao temario establecido no Anexo I das presentes bases específicas por cada un dos postos.

Cada un dos exercicios terá unha cualificación máxima de 8 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 4 puntos para superalo.

### **V.- RECURSOS**

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos sexan ditados no seu desenvolvemento, salvo as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnados polas persoas interesadas mediante a interposición do recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo correspondente, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas –LPACAP–, así como nos arts. 14.2 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora

da Xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante poderá interperse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto que se recorre, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación, ou calquera outro recurso que estime procedente para a defensa dos seus intereses.

Contra os actos do Tribunal poderá interperse recurso de alzada ante o Alcalde da Corporación no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente Acordo do Tribunal.

San Cristovo de Cea, 24 de xaneiro de 2019  
O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: José Luís Valladares Fernández.-

## ANEXO I PROGRAMA - TEMARIO

### **PARTE I - Común:**

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e contidos xerais.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia. Estrutura e contido.

Tema 3.- A organización territorial do Estado na Constitución.

Tema 4.- O municipio. A poboación. O termo municipal. A organización municipal.

Tema 5.- As funcións do Alcalde, da Xunta de Goberno Local e do Pleno da Corporación.

Tema 6.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clase. Dereitos e obrigacións. Código de conduta.

Tema 7.- Servizo Público Local.

Tema 8.- O Concello de San Cristovo de Cea. Características principais.

### **PARTE II – Específico Encargado de Biblioteca (Auxiliar de Biblioteca):**

Tema 1: Conceptos xerais sobre Biblioteca Pública. Mantemento e orde do espazo público.

Tema 2: Ferramentas de traballo nas bibliotecas públicas.

Tema 3: Ofimática básica. Entorno Windows. .

Tema 4: Axencia Galega de Lectura. Funcionamento, normativa básica.

Tema 5: Programa Informático Galego de Bibliotecas Públicas. Meiga.

Tema 6: Xestión das coleccións nas bibliotecas públicas.

Tema 7: Catalogación básica en formato Marc21.

Tema 8: Colección Local – Biblioteca Municipal.

Tema 9: Propiedade Intelectual e Dereitos de Autor.

Tema 10: Medidas de seguridade e hixiene para a protección do traballador.

Tema 11: Prevención de accidentes.

## ANEXO II. SOLICITUDE

### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE ENCARGADO DE BIBLIOTECA PÚBLICA (AUXILIAR DE BIBLIOTECA), MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE; PROCESO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL; PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA

NOME	
APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
E-MAIL	

**SOLICITO** ser admitido no proceso de selección convocado polo Concello de San Cristovo de Cea dunha praza de persoal Laboral Fixo.

**AUTORIZO** á administración actuante para que proceda ao tratamento dos meus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo.

**DECLARO:**

- 1.- Reunir os requisitos sinalados na convocatoria que declaro coñecer.
- 2.- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto, non padecer enfermidade nin estar afectado por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- 3.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme en inhabilitación absoluta ou especial para os empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario do que tivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional ou doutro estado, non atoparme inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no meu estado, nos mesmos termos ó acceso ó emprego público.
- 4.- Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas determinadas pola lexislación vixente.

San Cristovo de Cea, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019.

**Asdo.:** \_\_\_\_\_